



Reseña

Paleo Mosquera, Natalia (2018).

As políticas municipais de xénero en España.

O caso dos municipios galegos

Santiago de Compostela: Laiovento

Luz Leis Fernández

Recibido: 6/01/2020

Aceptado: 6/01/2020

Natalia Paleo Mosquera é unha investigadora social e especialista en políticas de xénero. No seu libro, as políticas municipais de xénero en España, realízase unha aproximación ás políticas de xénero implementadas polos gobernos municipais galegos durante a lexislatura 2007-2011.

As políticas de xénero son un tipo de políticas públicas que teñen como finalidade abordar as desigualdades entre mulleres e homes. Estas políticas comezaron a implementarse a partir da década de 1970, dando lugar á creación dunha nova área governamental. No proceso de incorporación á axenda pública destas políticas desempeñou un papel moi importante o movemento feminista, que conseguiu que as desigualdades de xénero fosen consideradas un problema público sobre o que era necesario intervir.

Esta investigación ten como finalidade analizar as políticas de xénero levadas a cabo no ámbito municipal de Galicia. En España a igualdade de xénero como

Luz Leis Fernández é alumna do grao de Socioloxía na Universidade da Coruña. Correo electrónico: luz.leis@udc.es.

Cómo citar este artículo: Leis Fernández, Luz (2019). Reseña: Paleo Mosquera, Natalia (2018). As políticas municipais de xénero en España. O caso dos municipios galegos (Editorial Laiovento). *Atlánticas. Revista Internacional de Estudios Feministas*, 4 (1), 412-417. Doi: <http://dx.doi.org/10.17979/arief.2019.4.1.5938>

problema público incorporouse a política na transición á democracia, proceso que terminou coa aprobación de Constitución de 1978 establecendo o dereito á igualdade formal ante a lei e a obriga por parte dos poderes públicos de promover as condicións para a igualdade real e efectiva.

Neste tempo publícanse moitas investigacións que estudan as políticas de xénero pero a maior parte destes estudos focalízanse a nivel estatal ou autonómico, polo que o ámbito municipal foi moi pouco explorado. Esta é unha primeira motivación deste traballo, destacar a importancia de examinar tamén o desenvolvemento destas políticas nos niveis inferiores. No novo marco xurídico que se xerou ao inicio da democracia, propiciou que os Gobernos municipais fosen adquirindo un rol cada vez máis importante na implementación destas políticas.

O primeiro obxectivo do estudo de Natalia Paleo é analizar o nivel de desenvolvemento das políticas municipais de xénero implementadas de Galicia durante a lexislatura 2007-2011. Para isto comeza divide o concepto de políticas de xénero en tres dimensións teóricas.

A primeira a denomina institucionalización, onde examínanse os organismos públicos específicos creados no ámbito municipal para promover a igualdade de xénero e os recursos dedicados a estas políticas. A segunda dimensión, a estratexia política, analiza o tipo de obxectivo que perseguen as políticas municipais de xénero e o público ao que se dirixen, así como a posta en marcha dos plans municipais de igualdade. Por último denomina a terceira dimensión como áreas de acción e actuacións, onde estuda as diferentes accións que levaron a cabo os municipios na igualdade de xénero.

Para este obxectivo deseñará un índice cuantitativo a través do cal se representaran numericamente as tres dimensións das políticas de xénero, axudará a medir o nivel de desenvolvemento das políticas de xénero en cada un dos municipios galegos.

Por outro lado este traballo ten como obxectivo analizar os factores que inflúen no nivel de desenvolvemento das políticas municipais de xénero en Galicia. Centrarase nos factores que aparecen vinculados ao rol clave de determinados actores do sistema das políticas de xénero como os organismos de igualdade, o movemento de mulleres e feminista, a presenza dunha masa crítica de mulleres nas institucións representativas e os actores críticos que son determinados actores en posicións claves que promoven os intereses das mulleres ou conseguen que outras persoas os promovan. Examina tamén a influencia que teñen nas políticas públicas de xénero tres actores claves: a presenza de mulleres nos postos de representación municipal, o movemento de mulleres e feminista presente nos municipios e a cor dos partidos políticos nos Gobernos municipais. Na metodoloxía desta investigación traballa cun universo conformado polos 315 municipios de Galicia durante o período 2007-2011. O deseño do análises está conformado por seis variables, a variable dependente e o índice de nivel do desenvolvemento das políticas municipais de xénero e as cinco variables explicativas son a representación descritiva das mulleres nas asembleas municipais, o movemento de mulleres e feminista presente nos municipios, a cor dos partidos políticos nos Gobernos municipais e o tamaño dos municipios e a provincia dos municipios.

Esta investigación ademais de constituír unha nova achega para o conxunto de análises existentes sobre as políticas de xénero en España, é o primeiro estudo en que se abordaron de forma específica estas políticas en Galicia. Nos resultados da análise confirmouse que a maioría dos municipios galegos

estaban a realizar políticas de xénero durante a lexislatura 2007-2011 e que na maior parte dos casos estas políticas teñen un percorrido temporal máis curto que nos niveis estatal e autonómico. En relación á primeira dimensión das políticas municipais de xénero, a institucionalización destas políticas, viuse que en Galicia tamén tiñan presenza os tres tipos de organismos municipais de igualdade identificados no resto de municipios do Estado: as concellarías e áreas técnicas da muller ou igualdade, os centros de información e recursos para mulleres e os consellos de participación. Ademais de cuantificar a presenza destes organismos nos municipios galegos, analizouse o seu xurdimento e as súas principais características.

Tamén nesta dimensión examináronse os recursos económicos e humanos que destinaban os concellos para a implementación das políticas de xénero, así mostrouse que a cantidade económica destinada a estas políticas era moi pequena e dependía das subvencións recibidas das administracións dos outros niveis de goberno.

En canto a segunda dimensión, constatouse que eran poucos os municipios galegos que tiñan un enfoque transformador das desigualdades de xénero. O obxectivo de transformar os roles de xénero e as estruturas sociais que xeran desigualdades entre mulleres e homes foi elixido só por un de cada catro municipios. Por outro lado, algo máis da metade de municipios que estaban a realizar políticas de xénero sinalaron que o seu obxectivo era promover que as mulleres estivesen presentes en todos os ámbitos da sociedade. Finalmente nesta dimensión, se examinou a presenza dos plans de igualdade, un 66% dos municipios que estaban a realizar políticas de xénero tiñan un plan de igualdade en vigor durante a lexislatura 2007-2011 e que o 92% dos devanditos plans foran aprobados no pleno municipal. Detectáronse importantes

dificultades e resistencias á hora de executar o contido dos plans de igualdade e levar a cabo o traballo transversal que a implementación dos plans esixe.

En relación á terceira dimensión das políticas municipais de xénero, as áreas de acción e actuacións en materia de igualdade de xénero, comprobouse que as actuacións vinculadas coa promoción da igualdade dentro da organización e coa xestión destas políticas tiñan unha presenza moito menor nos municipios galegos que as actuacións dirixidas a toda a cidadanía. Estas actuacións resultan fundamentais para poder planificar e deseñar as políticas de xénero. As tres áreas de actuación ás que dedicaban máis recursos os municipios galegos eran as de información, asesoramento e atención directa ás mulleres, prevención e abordaxe da violencia de xénero e promoción da igualdade de xénero na educación.

Por outro lado mediuse o nivel de desenvolvemento das políticas de xénero que estaban implementando cada un dos municipios galegos a través do índice cuantitativo, soamente ao redor dun 35% dos municipios tiñan un desenvolvemento alto nas súas políticas de xénero. O tamaño dos municipios influía nos resultados, o incremento do tamaño dos municipios aumentaba a medida das puntuacións obtidas, tamén os municipios da Coruña e Pontevedra tiñan unhas medias máis altas tanto no índice como en cada unha das dimensións.

Por último nesta investigación analizáronse a influencia das variables explicativas no índice de nivel de desenvolvemento das políticas municipais de xénero en Galicia. A presenza nos municipios do movemento de mulleres é o factor con maior impacto sobre estas políticas, cando asociacións feministas estaban máis presentes nos municipios era cando había máis probabilidades de que as políticas de xénero tivesen un maior nivel de desenvolvemento.

A segunda variable con maior significación foi o partido político no Goberno municipal, nos municipios gobernados polo BNG había máis probabilidades de que as políticas de xénero estivesen desenvolvidas que nos municipios onde gobernaba PP. A cor do partido político no goberno municipal si que inflúe no nivel de desenvolvemento das políticas municipais de xénero pero as diferencias nos só son significativas estatisticamente para o partido político que se sitúa na posición máis a esquerda do espectro político. Finalmente os datos mostraron que tanto o tamaño como a provincia dos municipios tiñan unha relación estatisticamente significativa co nivel de desenvolvemento das políticas de xénero.

En conclusión, os resultados da investigación empírica realizada amosan que a maioría dos municipios galegos estaban realizando políticas de xénero durante o período analizado e que no nivel de desenvolvemento de ditas políticas influían de forma importante tres tipos de actores: as mulleres presentes nas corporacións municipais, o movemento de mulleres e feminista presente nos municipios e o partido político nos gobernos municipais. Así, tamén mostrase que tiñan incidencia outras dúas variables de tipo contextual: o tamaño e a provincia dos municipios.